

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

1620 Orde DEF/253/2015, do 9 de febreiro, pola que se regula o réxime de vacacións, permisos, reducións de xornada e licenzas dos membros das Forzas Armadas.

A Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, dispón no seu artigo 22.3 que os militares teñen dereito a desfrutar dos permisos, vacacións e licenzas establecidos con carácter xeral para o persoal ao servizo da Administración xeral do Estado, coas necesarias adaptacións á organización e funcións específicas das Forzas Armadas que se determinen por orde do ministro de Defensa.

Nese mesmo artigo sinálase que os militares estarán en dispoñibilidade permanente para o servizo, que as exixencias desa dispoñibilidade se adaptarán ás características propias do destino e ás circunstancias da situación, e que as necesidades do servizo prevalecerán sobre as datas e a duración dos permisos, vacacións e licenzas, ben que as limitacións que se produzan deben estar razoadas, e que a aplicación do criterio de necesidades do servizo se fará sempre de forma xustificada, motivada e individualizada, e que, en todo caso, se comunicará ao militar afectado a decisión adoptada.

Por outra parte, o Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, establece na súa exposición de motivos que a actual conxuntura económica e a necesidade de reducir o déficit público sen menoscabar a prestación dos servizos públicos esenciais fai necesario mellorar a eficiencia das administracións públicas no uso dos recursos públicos, con obxecto de contribuír á consecución do inescusable obxectivo de estabilidade orzamentaria, derivado do marco constitucional e da Unión Europea. Entre as diferentes medidas que se expoñen, fíxanse os días por asuntos particulares e vacacións e suspéndense os pactos e acordos que contradigan o disposto no mencionado Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, modificando os artigos 48 e 50 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

Nesta orde ministerial recóllese o réxime de vacacións, permisos, reducións de xornada e licenzas que se aplicará ao persoal militar, que se axusta ao previsto para o persoal civil, ben que coas adaptacións ás características propias da institución militar.

Así mesmo, inclúense varias medidas orientadas a mellorar a conciliación da vida persoal, familiar e profesional. Entre elas consta o permiso para a asistencia a técnicas de fecundación ou reprodución asistidas ou a nova modalidade no desfrute do permiso por paternidade, permiso que ofrece a posibilidade de desfrutalo durante o período no cal transcorre o de maternidade, ou ben a continuación da finalización deste último.

Tamén, e coa citada finalidade de dar cumprimento ao principio de conciliación da vida persoal, familiar e profesional por unha parte, e a formación e capacitación do militar, indispensables, por outra, a presente orde ministerial introduce uns criterios na redución de xornada por motivos de conciliación, referidos á posible exoneración das gardas, servizos e manobras que teñen por obxecto alcanzar o mencionado equilibrio entre conciliación e formación e capacitación do persoal militar.

Inclúense, tamén, novos permisos destinados á formación do persoal militar, como son aqueles orientados á realización de cursos impartidos por outras administracións alleas á militar, así como aqueles previstos para orientar os militares interesados en novas saídas profesionais.

Por último, e como consecuencia de todo o anteriormente exposto, procédeuse a dar cumprimento con esta orde ministerial á adaptación do réxime de permisos, vacacións e licenzas do persoal militar conforme as características propias da organización e das

funcións específicas das Forzas Armadas, tal e como se recolle no mandato do artigo 22.3 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, e nos artigos 5 e 6.2 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar.

Na elaboración desta orde ministerial participaron as asociacións profesionais de membros das Forzas Armadas e, durante a súa tramitación, emitiron informe asociacións profesionais con representación no Consello de Persoal das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas. Finalmente, conforme o establecido no artigo 49.1.c) da citada lei orgánica, emitiu informe o Consello de Persoal das Forzas Armadas.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, e de acordo co Consello de Estado,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Consideracións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto fixar o réxime de permisos, vacacións, reducións de xornada e licenzas para o persoal militar, que será o establecido para o persoal ao servizo da Administración xeral do Estado coas adaptacións introducidas na presente disposición.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Esta orde ministerial será de aplicación a todos os militares en servizo activo ou en situación de reserva conforme o que se establece nos artigos 108 e 113 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, que estean destinados ou en comisión de servizo na estrutura do Ministerio de Defensa.

2. A presente disposición será de aplicación supletoria para todo aquel persoal militar que se encontre destinado ou comisionado no estranxeiro ou en departamentos, centros e organismos non dependentes do Ministerio de Defensa, cando non contén cun réxime específico no que se refire á normativa regulada nesta disposición.

3. Tamén será de aplicación aos reservistas cando se incorporen ás unidades, centros e organismos do Ministerio de Defensa.

Artigo 3. *Necesidades do servizo.*

1. As necesidades do servizo prevalecerán sobre as datas e a duración dos permisos, vacacións, reducións de xornada e licenzas, ben que as limitacións que se produzan deberán estar motivadas.

2. A aplicación do criterio de necesidades do servizo farase sempre de forma xustificada, motivada e individualizada. En todo caso, comunicarse ao militar afectado a decisión adoptada por escrito.

Artigo 4. *Rexistro.*

Todas as unidades, centros e organismos anotarán os permisos, vacacións, reducións de xornada e licenzas reguladas pola presente orde no Sistema informático de persoal do Ministerio de Defensa (SIPERDEF) ou no sistema informático que se encontre en vigor en cada momento.

CAPÍTULO II

Vacacións e permisosArtigo 5. *Vacacións.*

1. As vacacións constitúen o período de descanso retribuído a que os militares teñen dereito anualmente.

2. Os militares terán dereito a desfrutar por cada ano natural das vacacións retribuídas que se fixan na norma primeira do anexo I.

3. Para determinar o número de días de vacacións anuais a que se ten dereito, non computarán como tal os períodos permanecidos como alumnos do ensino de formación en centros docentes militares, en licenza por asuntos propios ou por estudos sen retribución, nos supostos en que o militar se encontre en suspensión de funcións ou de emprego, nin en situación de excedencia, salvo para o que se recolle no artigo 110.6 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar.

4. En ningún caso a distribución anual da xornada pode alterar o número de días de vacacións ou de festas laborais de carácter retribuído e non recuperable.

5. Cando o período de vacacións previamente fixado ou autorizado, e cuxo disfrute non se iniciase, poida coincidir no tempo cunha situación de incapacidade temporal, risco durante a lactación, risco durante o embarazo ou cos permisos de maternidade ou paternidade ou permiso acumulado de lactación, poderanse desfrutar en data distinta.

6. Cando as situacións ou permisos indicados no parágrafo anterior impidan iniciar o disfrute das vacacións dentro do ano natural a que correspondan, estas poderanse desfrutar en ano natural distinto. No suposto de incapacidade temporal, o período de vacacións poderase desfrutar unha vez que finalizase a dita incapacidade e sempre que non transcorresen máis de dezaioito meses a partir do final do ano en que se orixinasen.

7. Se durante o disfrute de vacacións autorizado sobreviñer o permiso de maternidade ou paternidade, ou unha situación de incapacidade temporal, o período de vacacións quedará interrompido e o tempo que reste poderase desfrutar en período distinto. No caso de que a duración dos citados permisos ou da dita situación impida o disfrute das vacacións dentro do ano natural a que correspondan, estas poderanse desfrutar durante o ano natural posterior.

8. O militar que non puidese desfrutar das súas vacacións durante o ano correspondente por necesidades do servizo debidamente xustificadas e motivadas por razóns operativas ou de funcionamento das unidades, centros e organismos, poderá desfrutar das ditas vacacións durante o primeiro semestre do ano seguinte ao de devindicación do período de vacacións.

9. O militar que sexa profesor nun centro docente de ensino militar e o que adquira a condición de alumno do ensino de formación terán condicionadas as vacacións ao calendario académico establecido polo correspondente centro docente.

10. As vacacións desfrutaranse logo de autorización e sempre que resulten compatibles coas necesidades do servizo.

Artigo 6. *Permisos.*

O permiso é o período de tempo polo cal se autoriza o militar para ausentarse temporalmente do destino por algún dos motivos seguintes:

a) Días por asuntos particulares. Por cada ano natural, os militares terán dereito a desfrutar dos días por asuntos particulares que figuran no anexo I, norma segunda, sen prexuízo da concesión dos restantes permisos e licenzas establecidos na normativa vixente. O militar poderá distribuír eses días á súa conveniencia, logo da autorización dos seus superiores e respectando sempre as necesidades do servizo.

Os días 24 e 31 de decembro consideraranse festivos. No caso de que estes dous días coincidan en festivo, sábado ou día non laborable, poderase facer uso de dous días adicionais de permiso por asuntos particulares.

Sen prexuízo do anterior, os días por asuntos particulares así como, se for o caso, os días de permiso previstos no parágrafo anterior, poderanse acumular aos días de vacacións que se desfruten de forma independente conforme o que se establece na norma primeira do anexo I.

Así mesmo, cando algunha ou algunhas festividade laborais de ámbito nacional, de carácter retribuído, non recuperable e non substituíble polas comunidades autónomas, coincidan cun sábado, o número de días de permiso por asuntos particulares aumentarase como máximo nun día. Mediante resolución do subsecretario de Defensa e con anterioridade ao día 31 de decembro do ano en curso determinarase, se for o caso, a incorporación dos días de permiso a que se refire este punto, que serán de aplicación no seguinte ano.

O militar que non puidese desfrutar deste permiso durante o ano correspondente por necesidades do servizo debidamente xustificadas e motivadas por razóns operativas ou de funcionamento das unidades, centros e organismos, poderá desfrutalo durante o primeiro semestre do ano seguinte cando as necesidades do servizo así o permitan.

b) Falecemento, accidente ou enfermidade grave. O militar terá dereito por falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar dentro do primeiro e segundo grao de consanguinidade ou afinidade aos días que se determinan na norma terceira do anexo I.

c) Traslado de domicilio. O militar terá dereito aos días que figuran no anexo I, norma cuarta, por traslado de domicilio sen cambio de localidade de destino.

d) Exames finais e probas definitivas de aptitude. O militar terá dereito a desfrutar para concorrer a exames finais e demais probas definitivas de aptitude e avaliación en centros oficiais, do tempo indispensable para a súa realización, incluíndo os desprazamentos de ida e regreso ao lugar do exame no caso de que este se celebre necesariamente, e non por opción do militar, fóra da localidade de destino ou residencia autorizada. Aqueles que iniciasen estudos con anterioridade á adquisición do destino poderán desfrutar do permiso para desprazarse á localidade do exame ou proba definitiva de aptitude e avaliación.

e) Participación en cursos da Administración civil. Ao militar poderáselle conceder o tempo destinado á realización de cursos impartidos pola Administración civil dirixidos á capacitación profesional.

f) Participación en cursos para a reorientación profesional. Ao militar poderáselle conceder o tempo destinado á realización de cursos relacionados con aquelas saídas profesionais que afecten un cambio na súa traxectoria profesional.

g) Cumprimento dun deber inescusable. Ao militar poderánselle conceder permisos polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público ou persoal e os relacionados coa conciliación da vida familiar e profesional. Para os efectos do disposto neste punto, entenderase por «deber inescusable» a obriga que incumbe a unha persoa cuxo incumprimento lle xera unha responsabilidade de índole civil, penal ou administrativa.

CAPÍTULO III

Permisos por motivos de conciliación da vida persoal, familiar e profesional e por razón de violencia de xénero

Artigo 7. Permisos por motivos de conciliación da vida persoal, familiar e profesional.

Os permisos a que se refire este artigo concederanse polos motivos seguintes:

a) Matrimonio. O militar terá dereito por matrimonio aos días que figuran na norma quinta do anexo I.

b) Técnicas de fecundación ou reprodución asistida. O militar terá dereito a ausentarse do traballo para someterse a técnicas de fecundación ou reprodución asistida

polo tempo necesario para a súa realización e logo de xustificación da necesidade da ausencia dentro da xornada de traballo.

c) Persoas dependentes. O militar que teña persoas dependentes ao seu cargo ou fillos con discapacidade terá dereito a ausentarse do traballo polo tempo indispensable para asistir a reunións de coordinación do seu centro educativo ordinario de integración ou de educación especial, onde reciba atención, tratamento ou para acompañalo se ten que recibir apoio adicional no ámbito sanitario ou social, ou ben para a realización de xestións administrativas relacionadas coa discapacidade do fillo ou da persoa dependente.

d) Exames prenatais e técnicas de preparación ao parto. A militar embarazada terá dereito a ausentarse do traballo para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto, polo tempo necesario para a súa práctica e logo de xustificación da necesidade da súa realización dentro da xornada de traballo.

e) Parto, adopción ou acollemento. A militar, no caso de parto, terá dereito a un permiso polo tempo e nas formas que se determinan na norma sexta do anexo I. Este permiso ampliarase no suposto de discapacidade do fillo e por cada fillo a partir do segundo. Nos supostos de adopción ou acollemento familiar de menores preadoptivo, permanente ou simple, o militar poderá desfrutar do tempo que se determina na citada norma sexta do anexo de referencia.

Durante o desfrute deste permiso poderase participar nos cursos de formación que convoque a Administración.

f) Paternidade. O militar pai ou proxenitor legalmente recoñecido poderá desfrutar dun permiso de paternidade polo nacemento, acollemento ou adopción dun fillo, polo tempo que se determina na norma sétima do anexo I desta orde ministerial, a partir da data de nacemento, da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou da resolución xudicial pola cal se constitúe a adopción. En calquera caso, este permiso poderase desfrutar durante o período que se determina para o permiso de maternidade, ou ben inmediatamente despois da finalización do dito permiso de maternidade.

Nos supostos en que, por necesidades do servizo, o militar comisionado nunha misión internacional non desfrutase do permiso por paternidade, desfrutarao á volta da súa comisión no exterior, sen prexuízo do resto de permisos que lle poidan corresponder.

g) Lactación. O militar terá dereito por lactación dun fillo menor de 12 meses ao tempo de ausencia do traballo que figura na norma oitava do anexo I. Este dereito poderá ser exercido indistintamente por un ou outro dos proxenitores e poderase desfrutar inmediatamente a partir da finalización do permiso por parto. Este permiso incrementarase proporcionalmente nos casos de parto múltiple.

A redución de xornada por lactación dun fillo menor de doce meses é acumulable coa de garda legal e cos outros permisos a que se teña dereito, e non se contabilizará aquela na diminución de retribucións.

A redución de xornada por lactación dun fillo menor de doce meses exonerará o solicitante da realización de gardas, servizos, manobras ou actividades análogas que interfiran co exercicio deste dereito.

En calquera caso, a exoneración das gardas, servizos, manobras ou actividades análogas esgotarase unha vez transcorrido o período que se determina no anexo de referencia, cando se opte pola acumulación do mencionado permiso en xornadas completas.

h) Desfrute a tempo parcial. O militar pai ou nai ou proxenitor legalmente recoñecido poderá desfrutar dos permisos recoñecidos nos números 5, 6 e 7 anteriores, na modalidade de tempo parcial, que será autorizado polo xefe da unidade, centro ou organismo logo de informe do xefe inmediato do interesado en que se acredite que quedan debidamente cubertas as necesidades do servizo.

A parte do permiso que se desfrute a tempo parcial poderá ser toda a duración do permiso ou unha parte del, coa excepción das seis semanas de obrigado descanso para a nai tras o parto, e concederase ao militar a parte da xornada solicitada sempre que as necesidades do servizo o permitan.

O período durante o cal se desfrute do permiso ampliarase proporcionalmente en función da xornada de traballo que se realice, sen que en ningún caso se poida superar a duración establecida para os citados permisos.

O desfrute do permiso nesta modalidade será ininterrompido. Só se poderá modificar por iniciativa do interesado e debido a causas relacionadas coa súa saúde ou coa do menor.

O desfrute nesta modalidade é incompatible coa redución de xornada ou coa flexibilidade horaria.

Artigo 8. *Permisos por razón de violencia de xénero.*

1. As militares vítimas de violencia de xénero, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, terán dereito á redución da xornada con diminución proporcional da retribución ou á reordenación do tempo de traballo a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo que sexan aplicables, sempre que acrediten tal situación mediante unha copia da sentenza firme, da orde de protección ou, excepcionalmente, até que se dite a dita orde, do informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a demandante é vítima de violencia de xénero.

2. As faltas de asistencia totais ou parciais das militares vítimas de violencia de xénero terán a consideración de xustificadas polo tempo e nas condicións en que así o determinen os servizos sociais de atención ou saúde, segundo proceda.

CAPÍTULO IV

Redución de xornada

Artigo 9. *Redución de xornada.*

1. A redución de xornada é o dereito de que desfruta o militar polo tempo determinado para cada suposto recoñecido nesta orde ministerial coa finalidade de conciliar a súa vida persoal, familiar e profesional.

2. A exoneración das gardas, servizos, manobras e actividades análogas considerarase como medida accesoria ao dereito que se recoñece no número anterior.

3. En todos os casos, as necesidades do servizo valoraranse de maneira individualizada, caso por caso, tendo en conta as circunstancias específicas da unidade, centro ou organismo onde o militar preste servizos. Se as necesidades do servizo se ven afectadas por circunstancias sobrevidas, o xefe da unidade, centro ou organismo correspondente e de maneira motivada, poderá reconsiderar as gardas, servizos, manobras ou actividades análogas das cales o militar fose exonerado.

4. As reducións de xornada inferiores ao tempo mínimo que se determinan nos diferentes supostos atenderanse con medidas de flexibilidade horaria.

Artigo 10. *Redución de xornada por razón de enfermidade moi grave.*

1. O militar que teña que atender un familiar de primeiro grao, por razón de enfermidade moi grave, poderá solicitar unha redución de até o 50 por 100 da xornada laboral, sen mingua das súas retribucións, polo prazo máximo dun mes. Durante este tempo quedará exonerado da realización de gardas, servizos, manobras ou actividades análogas que interfiran co desfrute desta redución.

2. No suposto de que varios militares teñan dereito a esta redución e que o suxeito causante sexa o mesmo, poderán desfrutar deste permiso de maneira parcial, respectando en todo caso o prazo máximo, e só se exonerará un deles da realización de gardas, servizos e manobras ou actividades análogas.

Artigo 11. *Redución de xornada por participación en operación, despregamento ou misión.*

1. O militar terá dereito á redución de xornada de entre unha hora a un medio da xornada laboral por razón da garda legal dun menor de 12 anos, coa diminución proporcional das súas retribucións, durante o tempo que o outro proxenitor, tamén militar, se encontre participando nunha operación, despregamento ou misión no estranxeiro ou territorio nacional, polo tempo que dure a mencionada actividade, que como mínimo deberá ser de trinta días ininterrompidos.

2. Neste caso, o militar poderá quedar exonerado da realización de gardas, servizos, manobras ou actividades análogas no seu lugar de destino que interfiran co desfrute da redución de xornada, cando as necesidades do servizo o permitan, ben que tales necesidades procurarán atenderse con outros medios e só en último caso condicionarán a exoneración de tales gardas, servizos, manobras ou actividades análogas.

Artigo 12. *Redución de xornada para o coidado directo dunha persoa maior que requira especial dedicación ou un discapacitado.*

1. O militar que teña ao seu coidado directo algunha persoa maior que requira especial dedicación ou un discapacitado psíquico, físico ou sensorial que non desempeñe actividade retribuída, non considerando como tal a percepción dunha pensión, terá dereito a unha diminución dunha hora a un medio da xornada laboral diaria, coa diminución proporcional das súas retribucións.

2. Terá o mesmo dereito o militar que precise encargarse do coidado directo dun familiar, até o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, que por razóns de idade avanzada, accidente ou enfermidade non se poida valer por si mesmo e que non desempeñe actividade retribuída.

3. Ante os supostos anteriores, o militar poderá quedar exonerado da realización de gardas, servizos, manobras ou actividades análogas no seu lugar de destino que interfiran co desfrute da redución de xornada, cando as necesidades do servizo o permitan, ben que no caso de que o militar teña ao seu coidado directo un discapacitado psíquico, físico ou sensorial, tales necesidades procurarán atenderse con outros medios e só en último caso condicionarán a exoneración das gardas, servizos, manobras ou actividades análogas.

Artigo 13. *Redución de xornada por razón de garda legal dun fillo menor de 12 anos.*

1. O militar terá dereito a unha redución de xornada por razón da garda legal dun fillo menor de 12 anos, dunha hora a un medio da xornada laboral, coa diminución proporcional das súas retribucións.

2. O militar que desfrute deste dereito cando o menor non fixese os 4 anos poderá quedar exonerado da realización de gardas, servizos, manobras ou actividades análogas no seu lugar de destino que interfiran co desfrute da redución de xornada, cando as necesidades do servizo o permitan, ben que estas necesidades procurarán atenderse con outros medios e só en último caso condicionarán a exoneración de tales gardas, servizos, manobras ou actividades análogas.

3. Cando o menor polo cal se concedese a redución de xornada teña unha idade comprendida entre os 4 e os 7 anos, o militar poderá quedar exonerado, cando as necesidades do servizo o permitan, da realización das gardas, servizos, manobras e actividades análogas no seu lugar de destino que superen as 36 horas e que interfiran co desfrute da redución de xornada.

4. Do mesmo modo, o militar poderá quedar exonerado da realización de gardas, servizos, manobras e actividades análogas no seu lugar de destino que superen os 6 días, cando o menor teña a idade comprendida entre os 8 e os 11 anos.

5. Se ao militar que disfruta redución de xornada por garda legal lle foi concedido permiso por maternidade ou paternidade, interromperanse os efectos da redución de

xornada, e deberase percibir integramente as retribucións que correspondan mentres dure o citado permiso.

Artigo 14. *Redución de xornada por razón da garda legal dun fillo menor de 12 anos cando o militar sexa proxenitor ou titor dunha familia monoparental.*

O militar terá dereito á redución de xornada por razón da garda legal dun fillo menor de 12 anos, dunha hora a un medio da xornada laboral, coa diminución proporcional das súas retribucións, cando sexa proxenitor ou titor nunha familia monoparental, entendéndose como tal a constituída por un só proxenitor co que convive o fillo nacido ou adoptado e que constitúe o sustentador único da familia. Nestes casos o militar poderá quedar exonerado da realización de gardas, servizos, manobras ou actividades análogas no seu lugar de destino que interfiran co desfrute da redución de xornada cando as necesidades do servizo o permitan, ben que estas necesidades procurarán atenderse con outros medios e só en último caso condicionarán a exoneración das gardas, servizos, manobras ou actividades análogas.

Artigo 15. *Redución de xornada nos casos de nacementos de fillos prematuros ou que teñan que permanecer no hospital.*

O militar, nos casos de nacementos de fillos prematuros ou nos cales, por calquera motivo, estes teñan que permanecer hospitalizados despois do parto, poderase ausentar do lugar do traballo durante o período de hospitalización, até un máximo de dúas horas diarias sen perda de retribucións. Así mesmo, terá dereito a reducir a súa xornada de traballo até un máximo de dúas horas adicionais ás anteriores e coa diminución proporcional das súas retribucións. Nos casos recollidos neste parágrafo exonerarase o militar da realización de gardas, servizos, manobras ou actividades análogas que interfiran co desfrute desta redución.

Artigo 16. *Redución de xornada para o coidado dun fillo menor de idade afectado por cáncer ou calquera outra enfermidade grave.*

1. O militar terá dereito, sempre que ambos os proxenitores, adoptantes ou acolletores de carácter preadoptivo ou permanente traballen, a unha redución de xornada de, ao menos, a metade da duración daquela, percibindo as retribucións íntegras con cargo aos orzamentos do órgano ou entidade onde veña prestando os seus servizos, para o coidado, durante a hospitalización e tratamento continuado do fillo menor de idade, por natureza ou adopción, ou nos supostos de acollemento preadoptivo ou permanente do menor, afectado por cáncer (tumores malignos, melanomas e carcinomas) ou por calquera outra enfermidade grave que implique un ingreso hospitalario de longa duración e requira a necesidade do seu coidado directo, continuo e permanente, acreditado polo informe do Servizo Público de Saúde ou órgano administrativo sanitario da comunidade autónoma ou, se for o caso, da entidade sanitaria concertada correspondente e, como máximo, até que o menor cumpra os 18 anos.

2. Cando concorran en ambos os proxenitores, adoptantes ou acolletores de carácter preadoptivo ou permanente, polo mesmo suxeito e feito causante, as circunstancias necesarias para ter dereito a esta redución de xornada ou, se for o caso, poidan ter a condición de beneficiarios da prestación establecida para este fin no réxime de Seguridade Social que lles sexa de aplicación, o militar terá dereito á percepción das retribucións íntegras durante o tempo que dure a redución da súa xornada de traballo, sempre que o outro proxenitor, adoptante ou acolledor de carácter preadoptivo ou permanente, sen prexuízo do dereito á redución de xornada que lle corresponda, non cobre as súas retribucións íntegras en virtude deste permiso ou como beneficiario da prestación establecida para este fin no réxime da Seguridade Social que lle sexa de aplicación. En caso contrario, só se terá dereito á redución de xornada, coa conseguinte redución de retribucións.

3. Así mesmo, no suposto de que ambos presten os seus servizos no mesmo órgano ou entidade, poderase limitar o seu exercicio simultáneo por razóns fundadas no correcto funcionamento do servizo.

4. Nos casos recollidos neste número exonerarase o militar da realización de gardas, servizos, manobras ou actividades análogas que interfiran co desfrute desta redución.

CAPÍTULO V

Normas sobre licenzas

Artigo 17. *Licenzas.*

1. A licenza é o período de tempo que, con carácter potestativo, se concede ao militar profesional para ausentarse do destino que ocupa, coa finalidade de atender asuntos de índole persoal ou para mellorar a súa preparación profesional.

2. O persoal militar profesional poderá solicitar licenza por asuntos propios ou por estudos, con excepción dos militares profesionais que manteñen unha relación de servizos de carácter temporal, durante os dous primeiros anos do seu compromiso inicial.

Artigo 18. *Licenza por asuntos propios.*

1. A licenza por asuntos propios poderase conceder por un prazo máximo de noventa días naturais en cada período de dous anos de servizos efectivos prestados, contados desde a data de inicio da primeira delas.

2. A licenza por asuntos propios concederase sen retribución ningunha.

Artigo 19. *Licenza por estudos.*

1. A licenza por estudos poderase conceder para realizar aqueles directamente relacionados coas funcións e actividades do posto cando non fosen convocados no ámbito do Ministerio de Defensa, co fin de consolidar, aumentar ou actualizar a formación precisa para o desenvolvemento dos seus labores.

2. A licenza por estudos terá dúas modalidades:

- a) Até corenta horas hábiles, con percepción soamente das retribucións básicas.
- b) Até tres meses ou o seu equivalente a 90 días naturais, sen retribución ningunha.

3. Só se poderá desfrutar dunha licenza por estudos, en calquera das dúas modalidades anteriores, durante o ano natural.

CAPÍTULO VI

Autoridades competentes e procedementos para a concesión de vacacións, permisos, reducións de xornada e licenzas

Artigo 20. *Autoridades competentes para vacacións, permisos e reducións de xornada.*

O xefe de Estado Maior da Defensa, o subsecretario de Defensa, os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire e o secretario xeral de Política de Defensa poderán establecer os criterios para a concesión de vacacións e permisos no ámbito das súas respectivas competencias, determinando o persoal que deba estar presente nas unidades, centros ou organismos.

Artigo 21. *Procedemento para a solicitude de vacacións e permisos.*

1. As vacacións e permisos solicitaranse por conduto regulamentario ao xefe da unidade, centro ou organismo de destino, quen terá competencia para concedelos ou

denegalos motivadamente. No caso de que o militar se encontre realizando unha comisión de servizo, realizará a solicitude ao xefe da unidade, centro ou organismo onde estea comisionado.

2. Para solicitar un permiso, coa excepción do permiso por asuntos particulares, deberase achegar a documentación necesaria que xustifique a súa causa, o que se poderá facer con carácter previo ou con posterioridade.

Artigo 22. *Procedemento para a redución de xornada.*

1. A solicitude de redución de xornada, acompañada da xustificación documental suficiente, cursarase por conduto regulamentario ao xefe da unidade, centro ou organismo de destino, quen será competente para a súa concesión ou denegación motivada, así como para a revogación da redución concedida ou para a modificación das condicións da súa concesión, que deberán ser igualmente motivadas.

2. En caso de concesión, o xefe da unidade, centro ou organismo establecerá as condicións do horario aprobado. Se a concesión leva consigo diminución de retribucións, deberá indicar as horas de redución de xornada e a porcentaxe equivalente para efectos da citada diminución, así como a exoneración ou non de gardas, servizos, manobras ou actividades análogas.

3. En todos os casos deberá indicar que as condicións establecidas poderán ser revogadas ou modificadas cando varíen as necesidades do servizo ou calquera outro condicionante.

4. Toda alteración das circunstancias familiares que poida supor modificacións nas condicións da redución de xornada concedida deberá ser comunicada e notificada polo persoal militar afectado ao seu xefe de unidade, para que, se for o caso, proceda a realizar os cambios que se consideren oportunos. En caso de non achegar a dita documentación, o xefe de unidade poderá revogar a redución de xornada no suposto de que, logo de requirimento ao interesado, este non a presentase.

5. A concesión dunha redución de xornada que comporte unha diminución proporcional das retribucións básicas e complementarias entenderase sen prexuízo das competencias sobre concesión ou cesamento na percepción dos complementos de dedicación especial e produtividade atribuídas ás autoridades na normativa vixente.

6. O cálculo da diminución proporcional de retribucións realizarase de acordo cos criterios e fórmulas que figuran no anexo II. Esta diminución afectará os períodos en que o persoal con redución de xornada se encontre desfrutando do permiso de vacacións, asuntos particulares e todos aqueles supostos en que non se diga o contrario.

Artigo 23. *Concesión de vacacións, permisos e reducións de xornada.*

1. O xefe de unidade, centro ou organismo está obrigado a ditar resolución expresa en todos os procedementos e a notificala. En caso de silencio administrativo, este será positivo conforme o disposto no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, salvo que unha norma con rango de lei autorice o silencio negativo.

2. A autoridade que concedeu as vacacións ou o permiso poderá ordenar a incorporación ao destino cando sobreveñan necesidades do servizo que así o exixan.

Artigo 24. *Autoridades competentes e procedementos para as licenzas.*

1. As autoridades competentes para a concesión das licenzas serán os xefes dos mandos e xefatura de persoal, para os militares que ocupen postos dos cadros de persoal dos exércitos e da Armada, e o director xeral de Persoal para o resto de militares.

2. A solicitude de licenza presentarase por escrito na unidade, centro ou organismo de destino ou adscrición do interesado, indicando a data de inicio, lugar e duración, e para a licenza por estudos xuntaranse as súas características e a xustificación documental que acredite estar matriculado.

3. O xefe da unidade, centro ou organismo emitirá informe sobre a solicitude e remitíraa, nun prazo de cinco días, á autoridade competente para resolver. A dita autoridade resolverá e notificará ao interesado a súa resolución no prazo dun mes contado a partir da recepción. En caso de silencio administrativo, este será positivo conforme o disposto no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, salvo que unha norma con rango de lei autorice o silencio negativo.

4. A concesión dunha licenza estará subordinada ás necesidades do servizo. Cando circunstancias sobrevidas o exixan, a autoridade que concedeu a licenza poderá ordenar a incorporación ao destino.

5. O disfrute da licenza realizarase de forma ininterrompida.

Artigo 25. *Recursos.*

Contra as resolucións e actos administrativos que se adopten no exercicio das competencias atribuídas nesta orde ministerial poderanse interpor os recursos administrativos e xurisdicionais que sexan pertinentes, de conformidade coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición adicional única. *Contención do gasto.*

As medidas incluídas nesta norma serán atendidas coas dispoñibilidades orzamentarias existentes en cada exercicio e non poderán supor incremento de dotacións nin retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición transitoria primeira. *Licenzas.*

1. Ao persoal que teña concedida algunha das licenzas reguladas na normativa até agora en vigor seranlle de aplicación as disposicións polas cales se lle concedeu até a súa terminación, salvo que as condicións que se recollen nesta orde ministerial resulten máis favorables.

2. En calquera caso, as licenzas por asuntos propios concedidas até a entrada en vigor da presente orde ministerial contabilizaranse para os efectos acumulativos contidos nesta disposición.

Disposición transitoria segunda. *Redución de xornada.*

1. O militar que disfrute dunha redución de xornada terá un prazo de seis meses desde a publicación desta orde ministerial para comunicar o tipo de redución de xornada de que disfruta e a causa que a motiva.

2. Os xefes das unidades, centros ou organismos coa información que reciban realizarán as adaptacións necesarias para aplicar os criterios que se fixan no capítulo IV desta orde ministerial.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas a norma sexta, salvo o seu número 4, a norma sétima e a norma oitava do anexo I e os anexos II e III da Orde ministerial 121/2006, do 4 de outubro, pola que se aproban as normas sobre xornada e horario de traballo, vacacións, permisos e licenzas dos militares das Forzas Armadas.

2. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde ministerial.

Disposición derradeira primeira. *Adaptación á función pública.*

O subsecretario de Defensa mediante resolución modificará os anexos desta orde ministerial cando se modifiquen as condicións de vacacións, permisos, reducións de xornada e licenzas para os empregados públicos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos autónomos.

Disposición derradeira segunda. *Habilitacións.*

O subsecretario de Defensa poderá definir os criterios de interpretación que sexan necesarios para a aplicación desta orde ministerial que, en calquera caso, se realizarán conforme os criterios ditados para o persoal ao servizo da Administración xeral do Estado, e sempre que a organización e as funcións específicas das Forzas Armadas o permitan.

Disposición derradeira terceira. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase o subsecretario de Defensa para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación das normas sobre vacacións, permisos e licenzas.

Disposición derradeira cuarta. *Operacións no exterior.*

O xefe de Estado Maior da Defensa regulará a concesión e o disfrute dos permisos do persoal militar que participe en operacións no exterior.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

A presente orde ministerial entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 9 de febreiro de 2015.—O ministro de Defensa, Pedro Morenés Eulate.

ANEXO I

Normas sobre vacacións e permisos

Primeira. *Vacacións.*

1. As vacacións retribuídas por cada ano natural terán a duración de vinte e dous días hábiles anuais ou dos días que correspondan proporcionalmente se o tempo de servizo durante o ano foi menor. Para estes efectos, os sábados consideraranse inhábiles, sen prexuízo das adaptacións que se establezan para os horarios especiais.

2. As vacacións disfrutaranse en períodos mínimos de cinco días hábiles consecutivos.

3. Sen prexuízo do anterior, dos días de vacacións previstos no parágrafo anterior poderase solicitar o disfrute independente de até cinco días hábiles por ano natural que se poderán acumular aos días por asuntos particulares.

4. Ao menos dez días das vacacións deberán ser disfrutados entre os días 15 de xuño e 15 de setembro, salvo que polas misións específicas da unidade ou por necesidades do servizo se teñan que disfrutar noutro momento.

5. O persoal destinado ou que se encontre en comisión de servizos no estranxeiro e non estea despregado con obxecto dunha misión no exterior, terá dereito a sete días naturais de vacacións adicionais, ou á parte proporcional ao tempo do ano transcorrido nestas circunstancias, que se engadirán ao disposto nesta norma.

Segunda. *Días por asuntos particulares.*

Por asuntos particulares, cinco días.

Terceira. *Falecemento, accidente ou enfermidade grave.*

1. Por falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, tres días hábiles cando o suceso se produza na mesma localidade de destino ou residencia autorizada do militar, e cinco días hábiles cando sexa en distinta localidade.

2. Por falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade que se produza na mesma localidade de destino ou residencia autorizada do militar, dous días hábiles e catro días hábiles cando sexa en distinta localidade.

Cuarta. *Traslado de domicilio.*

Por traslado de domicilio sen cambio de localidade de destino, un día. Cando o traslado de domicilio sexa consecuencia dun cambio de destino, teranse en conta os prazos establecidos no artigo 24 do Regulamento de destinos do persoal militar profesional aprobado polo Real decreto 456/2011, do 1 de abril.

Quinta. *Permiso por matrimonio.*

Por matrimonio, quince días.

Sexta. *Parto, adopción ou acollemento.*

1. A militar, no caso de parto, terá dereito a un permiso de dezaseis semanas ininterrompidas. Este permiso ampliarase en dúas semanas máis no suposto de discapacidade do fillo e, por cada fillo a partir do segundo, nos supostos de parto múltiple. O permiso distribuirase a opción da militar sempre que seis semanas sexan inmediatamente posteriores ao parto. En caso de falecemento da nai, o outro proxenitor poderá facer uso da totalidade ou, se for o caso, da parte que reste de permiso.

2. Non obstante o anterior, e sen prexuízo das seis semanas inmediatas posteriores ao parto de descanso obrigatorio para a nai, no caso de que ambos os proxenitores traballen, a nai, ao iniciarse o período de descanso por maternidade, poderá optar por que o outro proxenitor desfrute dunha parte determinada e ininterrompida do período de descanso posterior ao parto, ben de forma simultánea ou sucesiva co da nai. O outro proxenitor poderá seguir desfrutando do permiso de maternidade inicialmente cedido, aínda que no momento previsto para a reincorporación da nai ao traballo esta se encontre en situación de baixa médica temporal.

3. Nos casos de desfrute simultáneo de períodos de descanso, a suma destes non poderá exceder as dezaseis semanas ou as que correspondan en caso de discapacidade do fillo ou de parto múltiple.

4. Este permiso poderase desfrutar a xornada completa ou a tempo parcial, cando as necesidades do servizo o permitan, sen prexuízo das seis semanas de descanso obrigatorio para a nai.

5. Nos casos de parto prematuro e naqueles en que, por calquera outra causa, o neonato deba permanecer hospitalizado a continuación do parto, este permiso ampliarase en tantos días como o neonato se encontre hospitalizado, cun máximo de trece semanas adicionais.

6. O militar terá dereito nos supostos de adopción ou acollemento familiar de menores preadoptivo, permanente ou simple, a un permiso de dezaseis semanas ininterrompidas. Este permiso ampliarase en dúas semanas máis no suposto de discapacidade do menor adoptado ou acollido e por cada menor, a partir do segundo, nos supostos de adopción ou acollemento múltiple.

7. Nos supostos que se recoñecen no punto anterior, o cómputo do prazo das dezaseis semanas contarase, á elección do militar, a partir da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou a partir da resolución xudicial pola que se constituía a adopción,

sen que en ningún caso un mesmo menor poida dar dereito a un desfrute superior ao das dezaseis semanas.

8. No caso de que ambos os proxenitores traballen, o permiso distribuirase a opción dos interesados, que poderán desfrutalo de forma simultánea ou sucesiva, sempre en períodos ininterrompidos. No caso de desfrute simultáneo de períodos de descanso, a suma destes non poderá exceder as dezaseis semanas ou as que xa correspondan en caso de adopción ou acollemento múltiple e de discapacidade do menor adoptado ou acollido.

9. No suposto de adopción ou acollemento internacional que requira o desprazamento previo dos adoptantes ou acolletores ao país de orixe do menor adoptado ou acollido, terase dereito, ademais, a un permiso de até dous meses de duración, e durante este período percibiranse exclusivamente as retribucións básicas.

10. Con independencia do permiso de até dous meses previsto no parágrafo anterior e para o suposto previsto nel, o permiso por adopción e acollemento preadoptivo, permanente ou simple, poderase iniciar até catro semanas antes da resolución xudicial pola cal se constitúe a adopción ou a decisión administrativa ou xudicial de acollemento.

Sétima. *Permiso de paternidade.*

Polo nacemento, acollemento ou adopción dun fillo, a partir da data de nacemento, da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou da resolución xudicial pola cal se constitúe a adopción, quince días.

Oitava. *Permiso por lactación.*

1. Por lactación dun fillo menor de 12 meses, o militar terá dereito a unha hora diaria de ausencia do traballo, con posibilidade de fraccionala en media hora ao inicio e ao final da xornada.

2. Poderase substituír a redución de xornada por lactación por un permiso que acumule en xornadas completas o tempo correspondente, cunha duración máxima de catro semanas. O dito permiso incrementarase proporcionalmente nos casos de parto múltiple.

ANEXO II

Criterios e fórmulas para o cálculo das retribucións nos casos de redución de xornada

1. Diminución de retribucións por redución de xornada.

a) A quen se conceda unha redución de xornada aplicaráselle unha diminución proporcional das súas retribucións básicas e complementarias, sen prexuízo das competencias sobre concesión ou cesamento na percepción dos complementos de dedicación especial e produtividade atribuídas ás autoridades na normativa vixente.

b) O cálculo da diminución proporcional de retribucións realizarase de acordo cos criterios e fórmulas que figuran a continuación.

2. Criterios.

A diminución proporcional de retribucións nos casos en que se desfrute unha redución de xornada calcularase de acordo cos seguintes criterios:

a) Para o cálculo do valor hora aplicable á diminución de retribucións nas pagas ordinarias, tomarase como base a totalidade das retribucións íntegras mensuais. A cantidade resultante dividirase entre o número de días naturais do correspondente mes e, pola súa vez, este resultado dividirase novamente polo número de horas diarias que teña obrigación de cumprir, de acordo co réxime de horario xeral da UCO.

b) Para o cálculo da diminución de retribucións, nos casos de exoneración das gardas, servizos, manobras ou actividades análogas que impliquen actividade fóra do réxime de horario xeral da UCO, multiplicarase o valor hora obtido, segundo o punto anterior, polo número de días naturais do correspondente mes e polo número de horas concedidas de redución de xornada. O resultado obtido descontarase das retribucións íntegras mensuais.

c) Nos casos de non exoneración de gardas, servizos, manobras ou actividades análogas que impliquen actividade fóra do réxime de horario xeral da UCO, multiplicarase o valor hora polo número de días naturais do correspondente mes, descontados os días en que realizaron as gardas, servizos, manobras ou actividades análogas que impliquen actividade fóra do horario xeral e polo número de horas concedidas de redución de xornada.

d) O importe íntegro da paga extraordinaria afectada por un período de tempo con redución de xornada será o correspondente á suma dos respectivos importes de cada un dos dous períodos, con e sen redución de xornada, dos seis meses computables nas ditas pagas, segundo o seguinte cálculo:

1.º Para o período non afectado pola redución de xornada nos seis meses anteriores á súa devindicación (decembro a maio ou xuño a novembro), dividirase a contía íntegra da paga extraordinaria que na data do 1 de xuño ou 1 de decembro, segundo os casos, se devindicaría en xornada completa, entre cento oitenta e dous (cento oitenta e tres en anos bisestos) ou cento oitenta e tres días, respectivamente, multiplicando este resultado polo número de días naturais en que se prestase servizo sen redución de xornada.

2.º Para o período afectado pola redución de xornada, aplicarase o mesmo sistema de cálculo anterior pero tomando como dividendo o importe da paga extraordinaria reducido de forma proporcional á propia redución de xornada, multiplicando este resultado polo número de días naturais en que se prestase servizo con redución de xornada.

3. Fórmulas.

a) Cálculo da paga ordinaria.

v/h: valor hora.

M: número de días naturais do mes concedido de redución de xornada.

m: número de días naturais do mes concedido de redución de xornada, descontados os días que realiza gardas, servizos, manobras ou actividades análogas que se realicen fóra do horario habitual.

RI: retribucións íntegras mensuais.

Hx: número de horas que teña a obrigaçión de cumprir (horario xeral).

Hr: número de horas concedidas de redución de xornada.

DRI: diminución de RI.

1. Exonérase de gardas, servizos, manobras ou actividades análogas que se realicen fóra do horario habitual.

Fórmula: $v/h = (RI / M) / Hx$

$DRI = v/h \times M \times Hr$

2. Non se exonera de gardas, servizos, manobras ou actividades análogas que se realicen fóra do horario habitual.

Fórmula: $v/h = (RI/M) / Hx$

$DRI = v/h \times m \times Hr$

b) Cálculo da paga extraordinaria.

Pn: importe da paga extraordinaria correspondente ao período sen redución de xornada.

Pa: importe da paga extraordinaria correspondente ao período con redución de xornada.

Rlpe: contía íntegra da paga extraordinaria correspondente.

k: 182 ou 183 días, segundo corresponda.

%: porcentaxe que se reducirá, de forma proporcional á redución de xornada solicitada, a contía da paga extraordinaria correspondente.

D: número de días naturais sen redución de xornada nos seis meses anteriores á devindicación da paga extraordinaria.

d: número de días naturais con redución de xornada nos seis meses anteriores á devindicación da paga extraordinaria.

1.º Período non afectado por redución de xornada.

Fórmula: $P_n = (Rlpe/k) \times D$

2.º Período afectado por redución de xornada.

Fórmula: $P_a = (Rlpe \times \%/k) \times d$